



INFORMACIÓN SOBRE AS PROBAS DE ACREDITACIÓN DA COMPETENCIA DIXITAL EN 4ºESO

O 28 de febreiro de 2024, publicáronse as instrucións para a acreditación das competencias dixitais do alumnado que cursa ensinanzas de educación secundaria obrigatoria e bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia no curso 2023/24.

O alumnado de 4º de ESO poderá acreditar o seu nivel de competencia dixital:

1. O alumnado que obteña o título de graduada ou graduado en ESO recibirá o certificado que acredite o **nivel de iniciación**.
2. O alumnado matriculado en 4º de ESO poderá presentarse a unha proba específica co obxectivo de acreditar os coñecementos, habilidades e actitudes propias do **nivel intermedio**.
3. O alumnado que titule ou que supere a proba específica recibirá a certificación **ComDix de nivel iniciación ou de nivel intermedio**, respectivamente. As ditas certificacións serán emitidas de oficio conforme aos procedementos establecidos no Marco galego de competencias dixitais e no Rexistro de certificacións en competencias dixitais, de acordo co que se recolla no documento Bases para o desenvolvemento do Marco galego de competencias dixitais.

A acreditación do alumnado terá unha **validez de cinco anos** a partir da data da proposta de título da alumna ou o alumno ou da realización da proba específica.

O alumnado de 4º de ESO que **desexe realizar a proba específica** entregará a solicitude de inscrición (modelo anexo IV) na secretaría do centro **antes** do luns 11 de marzo ás 13:30h, logo de ese prazo a aplicación de matriculación pecharase. O alumnado menor de idade contará coa autorización das persoas proxenitoras ou das persoas titoras legais para poder inscribirse na realización da proba.

A proba específica que acredita o nivel intermedio realizarase durante o **mes de maio**, en convocatoria única, nos centros docentes que impartan a etapa de ESO con alumnado inscrito o día e no horario que se estableza segundo o número de alumnado interesado e a dispoñibilidade de equipos informáticos do centro. A Consellería informará ao centro do día e da hora coa antelación suficiente para a organización das probas.

A proba específica para acreditar o nivel intermedio axustarase ás **cinco áreas de dominio** definidas no Marco galego de competencias dixitais (<https://competenciasdixitais.xunta.gal/areas.html>). O alumnado debe responder nun tempo máximo de **90 minutos** un total de **60 preguntas** de diferente complexidade e tipoloxía referidas a cada unha das cinco áreas de dominio (12 preguntas por cada área). Para superar a proba específica de nivel intermedio deberase responder correctamente a un 70% do total de preguntas, sendo necesario obter un mínimo do 60% de respostas correctas en cada unha das cinco áreas.

As certificacións ComDix estarán dispoñibles na Carpeta cidadá da sede electrónica da Xunta de Galicia de cada alumna ou alumno. Sen prexuízo do anterior, o alumnado dos centros públicos recibirá a certificación ComDix a través da aplicación Abalar.

O contido do Marco galego de competencias dixitais (MGCD) pódese consultar en

https://ficheiros-web.xunta.gal/comdix/20231213_EstruturaMGCD_v.1.0.pdf